

Concello de Viveiro

BASES ESPECÍFICAS PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE DOUS PEÓNS E UN OFICIAL ELECTRICISTA COMO EMPREGADOS PÚBLICOS PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS OU PRESTACIÓNS DE SERVIZOS NO CONCELLO DE VIVEIRO, INCLUIDAS NO PROGRAMA “FOMENTO DO EMPREGO 2018” SEGUNDO AS BASES REGULADORAS DO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2018.

1. OBXETO DA CONTRATACIÓN.

Por parte do Concello de Viveiro vaise proceder á contratación de 3 do total dos 7 traballadores incluídos no programa “Fomento do Emprego 2018” financiado pola Excmo. Deputación Provincial de Lugo segundo as bases reguladoras do plan provincial único de cooperación cos Concellos 2018, para a realización de obras e de prestación de servizos de competencia Municipal.

Este plan creouse para a realización de programas de dinamización económica e para medidas de fomento de emprego, mediante a contratación de traballadores en situación de desemprego, para a execución de obras ou a prestación de servizos de competencia municipal que contribúan ao desenvolvemento económico e social do Concello, en especial, dos seus habitantes.

A presente convocatoria ten por obxecto a selección de traballadores, mediante o sistema de concurso, segundo as bases xerais polas que se establecen as normas para a selección do persoal mediante contratación temporal vinculada ao convenio do Programa “Fomento do Emprego 2018” segundo as bases reguladoras do plan provincial único de cooperación cos Concellos 2018, para a execución e realización das obras e de prestación de servizos que se relacionan nos apartados seguintes:

2.- CARACTERÍSTICAS DAS CONTRATACIÓNS - REVALORIZACIÓN DE ESPAZOS URBÁNS

A. BASES ESPECÍFICAS DO POSTO DENOMINADO: ELECTRICISTA

a) N.º de postos que se convocan: 1

b) Relación xurídica co Concello.- Persoal laboral temporal, contrato temporal de duración determinada na modalidade “obra ou servizo determinado” a xornada completa, oficial de primeira, vinculado ao Convenio coa Deputación Provincial de Lugo programa “Fomento do Emprego 2018”. O contrato terá unha duración de 6 meses.

c) Sistema de selección: Concurso

d) Titulacións académicas esixidas para tomar parte no proceso selectivo: Técnico especialista en electricidade ou titulación equivalente.

e) Acreditación específica: Figurar como demandante de emprego ou como mellora de emprego (sempre que o contrato sexa igual ou inferior ao 50% da xornada) no Servizo Público de Emprego de Galicia, no inicio e final do proceso selectivo.

f) Nivel de coñecemento do idioma galego: Celga 3.

g) Funcións: Revisión e mantemento do alumado público do Concello de Viveiro.

h) Baremo concurso:

A puntuación máxima do baremo de méritos será de 16 puntos, segundo o

Concello de Viveiro

Concello de Viveiro

establecido na base 10 das bases xerais polas que se establecen as normas para a selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos no Concello de Viveiro a través de programa “Fomento do Emprego 2018”.

B. BASES ESPECÍFICAS DO POSTO DENOMINADO: PEÓN

a) N.º de postos que se convocan: 2

b) Relación xurídica co Concello.- Persoal laboral temporal, contrato temporal de duración determinada na modalidade “obra ou servizo determinado” a xornada completa, peón, vinculado ao Convenio coa Deputación Provincial de Lugo programa “Fomento do Emprego 2018”. O contrato terá unha duración de 6 meses.

c) Sistema de selección: Concurso

d) Titulacións académicas esixidas para tomar parte no proceso selectivo: Non se esixe titulación.

e) Experiencia: Non é obrigatorio contar con experiencia profesional como peón.

f) Acreditación específica: Figurar como demandante de emprego ou como mellora de emprego (sempre que o contrato sexa igual ou inferior ao 50% da xornada) no Servizo Público de Emprego de Galicia, no inicio e final do proceso selectivo.

g) Nivel de coñecemento do idioma galego: Celga 1.

h) Funcións: Mantemento das zonas verdes do Concello.

i) Baremo concurso:

A puntuación máxima do baremo de méritos será de 16 puntos, segundo o establecido na base 10 das bases xerais polas que se establecen as normas para a selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos no Concello de Viveiro a través de programa “Fomento do Emprego 2018”.

NÚM. TRAB.	GRUPO COTIZAC. SEG. SOC.	OCUPACIÓN	CNAE 2009 OCUPACIÓN	SALARIO BRUTO (1)	CUSTO UNITARIO MENSUAL			CUSTOS TOTAIS		
					%COTA PATRONAL SEG. SOC.	COTA PATRONAL Á SEG. SSOCIAL	TOTAL CUSTO MENSUAL	DURACIÓN CONTRATO EN MESES	TIPO XORNADA %	CUSTOS SALARIAIS TOTAIS
1	3	OFICIAL	8411D	1.182,12 €	37,80%	446,84 €	1.628,96 €	6	100%	9.773,76 €
2	9	PEON	8411D	1.050,00 €	37,80%	396,90 €	1.446,90 €	6	100%	17.362,80 €
TOTAL SUBVENCIONABLE										27.136,56 €

Período de proba: O traballador terá un período de proba de 15 días. No caso de que o traballador non pase este período, será substituído polo que se sitúe en primeiro lugar da lista de reservas.

O contrato iniciárase cando así o determine A Alcaldía, en base aos prazos e datas de inicio dos servizos nos que o traballador contratado prestará os seus servizos.

3. REQUISITOS DOS SOLICITANTES.

Os establecidos con carácter xeral nas bases xerais e específicas coa titulación

Concello de Viveiro



Concello de Viveiro

esixida para ditos postos.

Viveiro, á data que consta á marxe

A ALCALDESA

María Loureiro García

(Documento asinado dixitalmente á marxe)

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 (Lugo). Tfno. 982560128. Fax: 982561147